



experiencias

A titoría como apoio á aprendizaxe

Rubén Anido Regueiro

Profesor de Lingua e Literatura

IES Manuel García Barros, A Estrada

anidoregueiro@edu.xunta.es

Este traballo desenvólvese nas sesións de titoría de terceiro de educación secundaria obrigatoria, e ten como principais protagonistas alumnos e alumnas que presentan dificultades de aprendizaxe. Co fin de superar estes atrancos, utilizamos unha serie de recursos orientados a comprender e a elaborar textos de distinta natureza. O proxecto formalízase a primeiros de curso nas sesións de claustro, ao tomar conciencia este das necesidades básicas deste grupo.



As actividades de escrita serviron para constatar os avances do alumnado

O primeiro problema co que nos atopamos é o escaso ou nulo hábito de estudo dos rapaces. Isto, engadido á escaseza de técnicas á hora de encarar as tarefas, convértese nunha das pedras angulares da nosa intervención. A partir desta realidade, propoñemos a presentación duns cuestionarios individuais que nos permitiron confirmar o que, nun principio, eran sospeitas e intuicións. A partir de aí, elaboramos un horario no que se contemplaba a dedicación ao estudo persoal, e se especificaban os tempos hora a hora, da mañá á noite.-

Cómpre dicir tamén que, aínda que o alumnado presentaba notables deficiencias no tocante á planificación e aos hábitos de traballo, o grao de atención na aula era moi positivo. A partir de aí elaboramos un plan, que tiña como obxectivo lograr un maior aproveitamento do tempo e corrixir as malas rutinas no estudo.

Focos de atención: A lectura. Comprensión lectora

Este é un dos problemas máis relevantes dos que se presentaron no claustro dende principios de curso. En consecuencia, procedemos a traballar con textos e, a partir deles, propoñer actividades. Hai que dicir que manexamos tipoloxía variada: literarios, científicos, históricos, etc. Iso si, os elixidos debían ter sempre asegurado un valor pedagóxico. Os alumnos tiñan que contestar preguntas e poñerlles un título o máis acaído posíbel.

Neste percorrido debían traballar co dicionario, para chegar a comprender perfectamente o dito texto. De cando en vez partíamos dun con posíbeis dificultades de comprensión derivadas do léxico. A idea era que os alumnos superasen estas dificultades a través da observación do contexto en que aparecían os vocábulos máis problemáticos. Desta maneira conseguíamos que aprendesen a utilizar este recurso, tan útil para mellorar a capacidade de comprensión e, ao mesmo tempo, enriquecesen o seu vocabulario.

outros artigos

O despertar dunha afección dun alumno con síndrome de Down

María Nuria Pahino Domínguez Profesora especialista en Pedagogía Terapéutica CEIP de Cangas

A titoría como apoio á aprendizaxe

Rubén Anido Regueiro Profesor de Lingua e Literatura IES Manuel García Barros, A...

Estudo dun CD-ROM

Unha experiencia interdisciplinar Enric Ripoll Mira Departamento de Física e Química...

relacionados

Experiencia Down

artigo de Opinión, en Eduga 52

artigo de Opinión, en Eduga 52

artigo de Experiencia, en Eduga 52

artigo de Investigación, en Eduga 51

Experiencia Titoría

artigo de Experiencia, en Eduga 51



colabora con
experiencias

revista.galega.ensino@edu.xunta.es

Segundo iamoz avanzando, axudámos a buscar as ideas principais e as secundarias, e a dividir os textos en varias partes, xustificando da maneira máis razoada e lóxica a opción escollida.



Antes de iniciar o traballo realizamos un cuestionario sobre técnicas e hábitos de estudo

Outro exercicio que propuxemos foi a presentación de cuestións centradas nun texto, encabezadas por un enunciado no que explicitamente se indicaba que antes de contestar, era preciso ler todas as preguntas. A derradeira pedía só que se respondesen algunhas, polo que resultaba doado constatar se o alumno ou alumna comprendera ou non o enunciado inicial.

En definitiva, tratamos de dotalos das estratexias necesarias para recoñecer o tipo de escrito, o rexistro lingüístico e a súa estrutura. Finalmente debían dar a súa opinión sobre el. Foi un traballo que durou todo o curso e que contou coa colaboración do profesorado de Lingua Galega e mais de Lingua Castelá.

Aprender a estudar

Aínda que non existen receitas infalíbeis que tornen este labor en algo sinxelo, si é certo que hai determinados métodos, máis ou menos elaborados, cos que se aborda esta cuestión. Temos que dicir, ademais, que este punto non é máis que unha especie de culminación dos anteriores, isto é, só haberá un bo rendemento escolar cando se entenda o que se di nun texto, e mais cando o que se vaia lendo se faga dentro dun límite de tempo razoábel.

O que nós fixemos nas aulas de tutoría foi traballar a partir dun esquema no que establecemos unha serie de pasos destinados a lograr, até onde é posíbel, que a cantidade de esforzo realizado se corresponda cos resultados obtidos; e, ademais, que o tempo de estudo sexa adecuado, isto é, que a relación entre tempo, esforzo e logros sexa equilibrada e positiva. Así pois, e considerando este aspecto, pasamos a enumerar os ditos pasos:

- Lectura rápida
- Lectura comprensiva
- Subliñado
- Esquema
- Desenvolvemento do esquema
- Memorización
- Repaso

Aínda que nun principio os alumnos e alumnas se mostraron un pouco escépticos e escépticas sobre a efectividade da proposta, non renunciamos a levar a cabo as nosas intencións. Ao final o noso empeño conseguiu trocar a percepción dos rapaces, e a maioría acabou recoñecendo o sentido e a necesidade dun bo método, e a súa intención de seguir utilizando os recursos e técnicas que empregamos nas aulas de tutoría.

Presentamos, a modo de síntese, algunhas das actividades que fomos realizando ao longo do curso:

- Lectura individual dun texto concreto en silencio, co fin de detectar dificultades de base (sinalar as palabras co dedo, movementos de cabeza, subvocalizacións, movemento dos beizos ao ler...).
- Lectura de palabras en vertical sen apartar a mirada da frecha, intentando identificar a palabra de arriba coa de abaixo da maneira máis rápida posíbel).
- Identificación visual "ultrarrápida", isto é, ler a palabra da esquerda e intentar recoñecela rapidamente entre os vocábulos da dereita sen ter necesidade de lellos.
- Exercicios de discriminación visual de pares de palabras.
- Realización de exercicios de dedución de letras ausentes nun texto (a coñecida como "técnica Cloze").
- Cálculo da velocidade lectora cunha sinxela operación matemática ($V = \frac{L}{N \cdot t}$ de palabras do texto x 60: Tempo en segundos= p.p.m)
- Resolver problemas relacionados coa comprensión lectora a partir dun texto determinado.
- Aplicación paulatina dos pasos necesarios para estudar utilizando menos tempo e con maior proveito.
- A partir dunha lámina, dun debuxo ou dunha frase, poñerse a escribir seguindo os requisitos explicados con anterioridade.

Metodoloxía e recursos

Á hora de afrontar o grupo á tentativa de mellorar a súa capacidade lectora e planificación das tarefas, non cabe outra posibilidade que empregar un método no que prime o práctico. Coidamos que de nada vale presentar un manual de recomendacións teóricas, se non se acompaña de algo máis, isto

é, dunha proposta concreta e útil, con resultados visíbeis que mobilice no alumnado o desexo de empregala. Por tanto, a metodoloxía ten que ser, ante todo, clara e sinxela nas súas formulacións, e sempre acompañala de tarefas prácticas que ofrecerán logros tanxibles nas aulas de tutoría e chegarán despois ao traballo cotián nas diferentes materias.

Neste labor cumpríu un papel determinante o traballo individual, pois fomos enfocando as sesións de tutoría como unha aprendizaxe continuada na que iamos avaliando os resultados e intentando corrixir carencias. Mais, como se pode adiviñar, isto quedaría incompleto se non o conxugásemos co traballo de grupo, no que nos interesou sempre a axuda entre iguais, o intercambio de ideas e a posta en práctica de maneira autónoma das estratexias e técnicas usadas de maneira máis guiada.

Así, e por poñer un exemplo, nunha das sesións de tutoría proporcionámoslles un texto, no que se trataba un tema de actualidade ao que os rapaces non son alleos: os efectos da crise económica. Antes de nada, analizamos que foi o que motivou esta situación e por que falamos dela, tras o que formulamos unha serie de cuestións arredor de:

- Como se estrutura a información neste texto?
- Cal credes que é a opinión de quen o elaborou?
- Estades de acordo co que se di nel? Explicádeo.

Deixamos un tempo para que cada alumno puxese en orde as súas ideas sobre o tema para logo debatelas co grupo. Como é lóxico, nalgúns casos coincidían e noutros non. As discrepancias brindaron a oportunidade de argumentar e contrastar puntos de vista dispares. Deseguido, e a modo de traballo colectivo, intentamos facer unha posta en común, propoñendo unha reflexión sobre:

- Os efectos máis visíbeis da crise
- As súas repercusións no ámbito familiar-
- Algunhas propostas para mellorar a situación

Xerouse así un debate moi enriquecedor, no que puidemos apreciar a sensibilidade dos rapaces e rapazas e como están a vivir a situación actual en primeira persoa.

Feito isto, propuxemos a busca de información en Internet arredor deste tema, pescuda que se centrou en:

- Cando rematará a crise?
- Volverá haber máis crises no futuro?
- Cal é o papel dos políticos e da sociedade neste asunto?

Este último traballo levouse a cabo con grupos de 3-4 alumnos, que foron apuntando a información obtida para expoñela logo na aula. Unha vez que todos deron a coñecer o seu traballo, procedeuse a un último debate coa finalidade de compartir as informacións particulares.

Aos rapaces facilitáronselles materiais bibliográficos específicos, pero tiñan que manexar os medios informáticos para buscar textos en Internet, e mesmo información na biblioteca.



Tratamos de superar os problemas de comprensión e a falta dunha metodoloxía de estudo

Valoración

Para avaliar esta experiencia cómpre ter en conta que o traballo se realizou cun deses grupos que se cualifican adoito como "imposibles", e non por calquera cuestión de disciplina ou comportamento, senón por algo que é talvez máis difícil de tratar: o baixo nivel académico, a falta de motivación e os problemas de autoestima. Por outra banda, complicaba as cousas o feito de que eu nunca exercera como titor.

Hai que recoñecer que á hora de desenvolver as sesións foi de grande axuda o apoio do Departamento de Orientación. O orientador participou en numerosos encontros co obxectivo de facer un seguimento do traballo semanal e avaliar o proxecto no seu conxunto.

En fin, o balance que facemos da experiencia é positivo, en tanto que nos permitiu dar resposta a unha situación problemática e conseguir superarnos dando o mellor de nós mesmos.

Bibliografía

- LOUZAO, J. M. (1993) *Caderno de técnicas de estudo*. Vigo, Xerais.
- VV. AA. (1993) *Cuaderno de lectura eficaz*. Madrid, Playor.

 [imprimir páxina](#)

O MÁIS VISTO

[Accesibilidade do sitio web](#)

[Plan de Acción 2010-2011 do Ministerio para mellorar a calidade do sistema](#)

[Eurydice, a rede europea de información sobre educación](#)

[Declaración mundial "Aprender a través do xogo". OMEP 2010](#)

[Entrepones, unha revista escolar para desenvolver competencias](#)

[Reinícianse as clases universitarias no rural para os maiores de 55 anos](#)

COLABORA COA REVISTA

[Cartas á directora](#)

[Experiencias](#)

[Investigación](#)

[Foro](#)

OUTRAS SECCIÓNS

[Axenda](#)

[Actualidade: Eurydice](#)

[Tribuna](#)

[Mediateca](#)

[Que é](#)

[Lexislación](#)

[Hemeroteca](#)

[Editorial](#)

[Blogs](#)

[Créditos da revista](#)